Do asasinato considerado como unha das belas artes

Thomas De Quincey

Tradución de Moisés Rodríguez Barcia

ATG
asociación de tradutores galegos

Thomas De Quincey

Do asasinato considerado como unha das belas artes

Versión galega de Moisés Rodríguez Barcia

(Primeiro artigo)

I. Advertencia dun home morbosamente virtuoso

Probablemente a maioría dos que lemos libros oímos falar da Sociedade para a Promoción do Vicio, do Club do Lume Infernal, fundado o século pasado por Sir Francis Dashwood, etc. Coido que en Brighton se creou unha Sociedade para a Supresión da Virtude: a propia sociedade foi suprimida. Lamento dicir, porén, que existe outra en Londres, de carácter aínda máis atroz, que polas súas tendencias se podería denominar Sociedade para o Fomento do Asasinato, pero que segundo o seu propio e delicado eufhmismoV se chama Sociedade de Coñecedores do Asasinato. Eles decláranse afectos a todo o relacionado co homicidio, afeccionados e *dilettanti* nas diversas modalidades da mata, e abreviando, siareiros do crime. Cada vez que aparece unha nova atrocidade desa caste nos anais da policía europea, eles reúnense e critícana como farían cun cadro, unha estatua ou calquera outra obra de arte. Pero non é preciso que me moleste intentando describir o espírito que move os seus actos, xa que o lector poderá aprecialo moito mellor nunha das Conferencias Mensuais lidas ante a Sociedade o ano pasado. Esta conferencia foi parar ás miñas mans accidentalmente, malia os moitos esforzos destas persoas por manter as súas consideracións afastadas dos ollos do público. Seguro que vela publicada os alarmará, o cal é xustamente a miña intención, xa que prefiro que se disolva tranquilamente por medio dun chamamento dirixido á opinión pública e non porque se faciliten os nomes, como acontecería de acudir a Bow Street. De todos os xeitos, se non me queda máis remedio terei que recorrer a esta última opción, pois a miña enorme virtude non pode permitir tales cousas nun país cristián. Até nunha nación pagá a tolerancia do asasinato —é dicir, os horribles espectáculos dos anfiteatros— merecía dun escritor cristián o reproche máis acusado que se lle podía facer á moral pública. O escritor era Lactancio, e vou concluír coas súas palabras, tan singularmente aplicables á presente ocasión:

Quid tam horribile tam tetrum, quam hominis trucidatio? Ideo severissimus legibus vita nostra munitur; ideo bella execrabilia sunt. Invenit tamen consuetudo quatenus homicidium sine bello ac sine legibus faciat; et hoc sibi voluptas quod scelus vindicavit. Quod, si interesse homicidio sceleris conscientia est, et eidem facinori spectator obstrictus est cui et admissor, ergo et in his gladiatorum caedibus non minus cruore profunditur qui spectat quam ille qui facit: nec potest esse immunis a sanguine qui voluit effundi, aut videri non interfecisse qui interfectori et favit et praemium postulavit.

"¿Que hai tan terrible", di Lactancio, "tan lúgubre e repugnante coma o asasinato dunha criatura humana? Por iso hai leis rigorosísismas que protexen as nosas vidas, por iso as guerras son algo execrable. E, porén, os costumes tradicionais de Roma dispuxeron un xeito de autorizar o asasinato á marxe da guerra e desafiando as leis, e as esixencias do gusto ('voluptas') convertéronse hoxe nas mesmas que as dos vicios criminais".

Que a Sociedade de Cabaleiros Afeccionados o teña en conta; e permítanme indicarlles que presten especial atención á última frase, que é de tanto peso, e que intentarei traducirlles: "Agora ben, se simplemente por estar presente nun asasinato se lle outorga a un home a condición de cómplice, se o simple feito de sermos espectadores nos fai compartir a culpa con quen perpetra o crime, resulta incontestable que nos asasinatos circenses a man que inflixe o golpe fatal non está máis enchoupada de sangue que a de quen o contempla pasivamente, nin tampouco non está libre de sangue quen tolera que se verta, nin aquel que lle dá o seu aplauso ao asasino e pide premios para el é outra cousa que cómplice no

asasinato”.

Aínda non oín que se acuse aos Cabaleiros Afeccionados de Londres de *praemia postulavit*, aínda que indubidablemente as súas actividades tenden a iso, pero o *interfectori favit* queda implícito no propio título desta asociación, e exprésase en todas e cada unha das liñas da conferencia que vén a continuación.

X. Y. Z.

II. A conferencia

Cabaleiros: teño o honor de que o seu comité me encomendase a tarefa de pronunciar a conferencia en honor de Williams sobre o asasinato considerado como unha das belas artes, tarefa que podía resultar ben doada hai tres ou catro séculos, cando esta arte era pouco comprendida e se mostraran poucos modelos destacables; pero nesta época en que hai grandes profesionais que executan excelentes obras mestras, resulta evidente que o público buscará no estilo da súa crítica unha mellora equivalente. A práctica e a teoría deben avanzar *pari passu*. A xente comeza a decatarse de que para compor un bo asasinato é preciso algo máis ca dous parvos que matan ou se deixan matar, un coitelo, unha bulsa e unha ruela escura. O deseño, cabaleiros, a colocación, a luz e a sombra, a poesía, o sentimento, son cousas que hoxe se consideran indispensables á hora de realizar tentativas desta natureza. O señor Williams exaltou ante todos nós o ideal do asasinato, e dese xeito fixo que aumentase a dificultade da miña tarefa. Igual que Esquilo ou Milton fixeron coa poesía, igual que Miguel Anxo fixo coa pintura, el levou a súa arte a un punto de colosal sublimidade, e, tal como observa o señor Wordsworth, en certo xeito “creou o gusto preciso para gozar dela”. Bosquexar a historia desta arte e examinar os seus principios criticamente revélase agora un deber para os coñecedores, e para xuíces de fasquía moi diferente á daqueles dos Tribunais de Xustiza da Súa Maxestade.

Antes de comezar permítanme dicirlles un par de palabras a certos individuos mexeriqueiros que pretenden falar da nosa sociedade como se a súa orientación tivese algo de inmoral. ¡Inmoral! ¡Que Xúpiter me asista, cabaleiros! ¿A que se referirán estas persoas? Eu defendo a moralidade, e sempre a defenderei, e a virtude e o resto das cousas; e afirmo, e sempre afirmarei (sexan cales for as consecuencias) que o asasinato é un xeito inadecuado de comportarse, moi inadecuado, e non teño reparo en asegurar que aquel que se dedica ao asasinato ten que razoar de xeito moi incorrecto, e ten que ter uns principios realmente inexactos. E por iso, lonxe de axudalo e protexelo indicándolle o lugar no que se agocha a súa víctima –que é a obriga de todo home de ben, tal e como declarou un gran moralista alemán–, estaría disposto a contribuír para que o detivesen cun chelín e seis peniques, que son dezaoito peniques máis có que ofreceron até o de agora para tal propósito os máis eminentes moralistas. Pero, ¿que lle imos facer? Neste mundo todo ten dúas caras. O asasinato, por exemplo, pode terse en consideración segundo a súa cara moral (como se adoita facer no púlpito e no Old Bailey) e confeso que esa é a súa cara mala; ou tamén se pode tratar esteticamente, como din os alemáns, é dicir, en relación co bo gusto.

Para ilustrar isto invocarei a autoridade de tres persoas eminentes: S. T. Coleridge, Aristóteles e o señor Howship, o cirurxián.

Comezarei con S. T. C. Unha noite, hai moitos anos, eu estaba tomando un té con el en Berners Street (que, dito sexa de paso, para ser unha rúa tan curta foi extraordinariamente fecunda en homes de xenio). Había máis xente, á parte de min, e no medio dalgunhas consideracións carnais de té e torradas, todos escoitabamos unha disertación sobre Plotino dos labios áticos de S. T. C. De súpeto oíuse un berro de “¡Lume! ¡Lume!”, tralos cales todos nós, mestre e discípulos, Platón e oi peri ton Platwna, saímos correndo, desexosos de contemplar o espectáculo. O incendio era en Oxford Street, na casa dun fabricante de pianos, e como prometía ser unha conflagración de mérito, lamentei que os meus compromisos me obrigasen a abandonar a reunión co señor Coleridge antes de que se desencadease a crise. Uns días despois, ao atoparme co meu platónico anfitrión lembreille o caso e pregueille que me contase como rematara aquel espectáculo tan prometedor. “Ai, señor”, dixo el, “resultou tan malo que o maldicimos unanimemente”. Agora ben, ¿pode alguén supoñer que o señor Coleridge –que é con certeza un bo cristián, aínda que gordo de máis para ser unha persoa de activa virtude–, que este bo STC, como digo, sexa un incendiario, ou alguén capaz de desexarlle calquera mal a ese pobre home e aos seus pianos (moitos deles, sen dúbida, con teclados adicionais)? Ao contrario: cónstame que el é da clase de homes que —aposto o pelello— en caso de necesidade botaría unha man coa bomba de incendios, malia o inadecuado que sería para a súa gordura someter a virtude a probas tan arduas. ¿Pero en que queda o caso? O que se requería aquí non era virtude, e trala chegada dos bombeiros a moralidade quedaba por completo a cargo da compañía de seguros. Neste caso el tiña dereito a compracer o seu gusto. Abandoara o seu té, ¿e non ía recibir nada en troques?

A partir destas premisas eu sosteño que os homes máis virtuosos teñen dereito a converter o lume nun

pracer, e a asubiarlle, como se faría en calquera outro espectáculo que espertase expectativas no público e logo as defraudase. Citando outra grande autoridade, ¿que di o Estaxirita? No Quinto Libro –creo– da súa *Metafísica* describe o que el chama klepthn teleion, é dicir, "o ladrón perfecto". Pola súa banda o señor Howship, nun traballo seu sobre a Indixestión, non ten escrúpulos en falar con admiración de certa úlcera que el viu, e que califica de "linda úlcera". Agora ben, ¿pode alguén afirmar que, considerado en abstracto, un ladrón lle poida parecer a Aristóteles un personaxe perfecto, ou que o señor Howship poida estar namorado dunha úlcera? Aristóteles –é ben sabido– era el mesmo un personaxe tan moral que, non contento con escribir a súa *Ética nicomaquea* nun volume en oitavo, escribiu tamén outro sistema chamado *Magna Moralia*, ou *Grande Ética*. Pois ben, é imposible que un home que escribe éticas, sexan grandes ou pequenas, admire a un ladrón *per se*; e no tocante ao señor Howship ben se sabe que lle declarou a guerra a todas as úlceras e, sen deixarse seducir polos seus encantos, dedica todos os seus esforzos a desterralas do condado de Middlesex. Pero o certo é que, por moi reprensibles que sexan *per se*, tanto un ladrón como unha úlcera poden ter infinitos graos de mérito en relación a outros individuos da súa especie. Ambos os dous son imperfeccións, é verdade; pero sendo a súa esencia seren imperfectos, a mesma grandeza da súa imperfección convértese na súa perfección. *Spartam nactus es, hanc exorna*. Un ladrón como Autólico, ou o noutrora célebre George Barrington, e igualmente unha horrible úlcera faxedénica soberbiamente definida e que desenvolva regularmente todas as súas fases naturais, poden dende logo considerarse tan ideais na súa clase como a máis acabada rosa murgosa entre as flores, no seu progreso dende o capullo até a "flor brillante, completa", ou, entre as flores humanas, a máis magnificente rapariga vestida con toda o boato da femineidade. E dese xeito non só se pode imaxinar o tinteiro ideal, como demostrou o señor Coleridge na súa celebrada correspondencia co señor Blackwood —no cal, xa de paso, non hai para tanto, porque un tinteiro é un obxecto ben louvable e un membro valioso da sociedade—, senón que até a propia imperfección pode ter o seu estado ideal ou perfecto.

Pídolles desculpas, cabaleiros, por tratar tanto de filosofía, e permítanme agora aplicar o exposto. Cando un asasinato estea no tempo paulo-post-futuro —que non se cometeu, nin (de acordo co purismo moderno) se está cometendo, senón que aínda ten que cometerse— e chegue aos nosos oídos algún rumor relativo a el, tratémolo moralmente no que estea na nosa man. Pero supoñamos que xa se cometeu, e que vostedes poden dicir del que Tetelestai, que está rematado, ou (nese adamantino moloso de Medea) Eirgastai, que está feito, é un *fait accompli*; supoñamos que o pobre asasinado deixou de sufrir e que o canalla que o matou desapareceu e ninguén sabe onde está; supoñamos, por último, que fixemos todo o posible, estirando a perna para facerlle a cambadela ao fulano na súa fuxida, pero que todo foi en van —*abiit, evasit, excessit, erupit*, etc.—. Entón, digo eu, ¿que utilidade ten aínda máis virtude? Xa se lle deu o seu á moralidade, e agora tócalle ao Bo Gusto e ás Belas Artes. Era algo triste, sen dúbida, moi triste, pero xa non podemos remedialo. Polo tanto fagamos dun mal asunto o mellor posible, e como resulta imposible tirarlle nada para propósitos morais, tratémolo esteticamente e vexamos se dese xeito lle sacamos algo bo. Tal é a lóxica dun home sensato. ¿E cal é o resultado? Que enxugamos as bágoas e quizais teñamos a satisfacción de descubrir que un feito que, horrible e sen ningunha xustificación ao consideralo moralmente, contemplado segundo os principios do bo gusto resulta ser unha execución moi meritoria. Dese xeito todo o mundo queda compracido: confírmase o vello refrán que di que "non hai mal en que non haxa ben"; o afeccionado, que antes parecía bilioso e amoucado por dedicar unha atención excesiva á virtude, comeza a levantar cabeza, e prevalece a hilaridade xeral. A virtude tivo o seu momento, e de aquí en adiante a Virtù, tan semellante que só difire en dúas letras (polas que probablemente non paga a pena discutir), a Virtù, repito, e o Criterio válense por si mesmos. Propóñome que este principio, cabaleiros, guíe os nosos estudos dende Caín até o señor Thurtell. Crucemos así, pois, esta gran galería de asasinato collidos da man, con compracida admiración, mentres trato de centrar a súa atención nos asuntos en que a crítica actúa con proveito.

O primeiro asasinato resultaralles familiar a todos vostedes. Como inventor do asasinato e pai desta arte, Caín tivo que ser un home de xenio excepcional. Todos os Caíns foron homes de xenio, pois Tubal Caín inventou a tuba, creo, ou algo semellante. Pero sexa cal for a orixinalidade e o xenio do artista, daquela todas as artes estaban na súa infancia; e as obras resultantes dos distintos estudos cómpre criticalas considerando este feito. Até é probable que a obra de Tubal non fose aprobada hoxe en día en Sheffield, de xeito que non resulta deshonroso dicir de Caín (refírome a Caín pai) que a súa intervención non foi máis que regular. Porén, hai quen sostén que Milton pensaría de forma diferente, e polo xeito en que relata o caso semella que é o seu asasinato favorito, pois retócao con evidente intención de resaltar o seu efecto pintoresco:

> Co cal, cheo de carraxe no seu interior, mentres falaban,
>
> feriuno no peito cunha pedra

que lle arrincou a vida: caeu, e mortalmente pálido

liberou a alma cun xemido, *cun chorro de efusivo sangue*.

Paraíso perdido, libro XI

Richardson, o pintor –que tiña moi bo ollo para os efectos–, sinala o seguinte sobre esta pasaxe nas súas *Notas ao Paraíso perdido* (páx. 497): "Pensábase", di el, "que Caín deixara teso (como se di vulgarmente) ao seu irmán cunha pedra moi grande. Milton acéptao, engadindo, porén, unha gran ferida". Trátase esta dunha adición moi xuizosa, pois a rudeza da arma –a menos que a eleve e enriqueza un cálido e sanguinario colorido–, amosa a excesiva carencia de ornamento da escola salvaxe, como se este feito o perpetrase un Polifemo sen ciencia, premeditación nin ningunha outra cousa á parte dun óso de carneiro. Sexa como for, a mellora compráceme sobre todo porque implica que Milton era afeccionado a esta arte. No tocante a Shakespeare, nunca houbo mellor afeccionado, como o testemuñan as súas descricións dos asasinatos de Duncan, Banquo, etc., e por riba destes testemuños a incomparable miniatura do asasinato de Gloucester que fai no *Henrique VI*[1].

Unha vez establecidos os alicerces desta arte, resulta lamentable comprobar como se estancou sen experimentar melloras durante séculos. Daquela, agora vereime obrigado a pasar por alto todos os asasinatos, sagrados e profanos, até ben entrada a era cristiá por seren totalmente indignos de atención. Grecia non produciu nin sequera na época de Pericles ningún asasinato de mérito, ou polo menos non aparece recollido ningún, e a orixinalidade do xenio de Roma xa era moi escasa en calquera das artes como para ter éxito alí onde o seu modelo non lle servía de guía[2]. De feito até a lingua latina cede ante a simple idea do asasinato. ¿Como se di en latín "Este home foi asasinado"? Pois *interfectus est, interemptus est*, que só expresa un homicidio; e a partir de aquí a latinidade cristiá da idade media viuse obrigada a crear unha nova palabra, á que nunca ascenderon, na súa debilidade, as concepcións clásicas. *Murdratus est*, di o dialecto máis sublime das idades góticas. Entrementres a escola xudía do asasinato mantivo con vida o que xa se coñecía da arte e transferiuno gradualmente ao mundo occidental. Certamente, a escola xudía foi sempre respectable, incluso nas súas etapas medievais, como nolo amosa o caso de Hugh de Lincoln, honrado coa aprobación de Chaucer con ocasión doutra interpretación da mesma escola, que, nos seus *Contos de Canterbury* pon na boca da Señora Abadesa.

Volvendo, non obstante, por un intre á Antigüidade clásica non deixo de pensar que Catilina, Clodio e algúns integrantes desa camarilla poderían terse feito artistas de primeira categoría, e resulta lamentable desde todos os puntos de vista que a mexericada de Cicerón privase ao seu país da única oportunidade que tivo de destacarse neste sentido. Ningún outro mellor ca el serviría como suxeito dun asasinato. ¡Oh, Xéminis, e como ouvearía co pánico se oíse a Cetego debaixo da súa cama! Sería realmente divertido oílo; e síntome satisfeito, cabaleiros, de que preferise o *utile* de arrastarse até un armario, ou mesmo até unha *cloaca*, ao *honestum* de enfrontarse co afouto artista.

Achegándonos agora á Idade Escura (expresión coa cal os que falamos con precisión nos referimos *par excellence* ao século X como liña meridiana e aos dous séculos inmediatamente anterior e posterior, sendo noite pecha dende o 888 ao 1111 d.C.) esa época debía ser naturalmente favorable á arte do asasinato, como o foi á arquitectura relixiosa, ás vidreiras, etc.; e consecuentemente a finais deste período xurdiu un gran personaxe da nosa arte. Refírome ao Vello da Montaña, que foi certamente unha luz no horizonte, e non será necesario que vos explique que a mesma palabra "asasino" se debe a el[3]. Era un afeccionado tan bo que nunha ocasión en que un dos seus asasinos favoritos puxera a súa propia vida en perigo, mostrouse tan compracido co talento exhibido que malia o fracaso do artista outorgoulle de contado o título de duque con dereito de sucesión por liña feminina, e asignoulle unha pensión por tres vidas. O asasinato de personalidades é unha rama da arte que require un tratamento por separado, e é posible que lle dedique toda unha conferencia. Namentres só observarei o estraño que resulta que esta rama da arte florecese de xeito intermitente. Pero chove sobre mollado, pois no noso propio tempo podemos enorgullecernos de citar algúns exemplos magníficos, tales como o asunto de Bellingham co primeiro ministro Perceval, o caso do Duque de Berri na ópera de París, o caso do Mariscal Bessières en Aviñón, e haberá dous séculos e medio existía a máis brillante constelación de asasinatos desta clase. Apenas preciso engadir que me refiro en especial a aquelas sete magníficas obras: o asasinato de Guillerme I de Orange; o dos tres Henriques franceses, é dicir, Henrique, o Duque de Guisa, que aspiraba ao trono de Francia, Henrique III, derradeiro príncipe da dinastía de Valois, que ocupaba daquela o trono, e finalmente Henrique IV, o seu cuñado, que o sucedeu naquel trono como primeiro príncipe da dinastía dos Borbóns; non pasaran nin dezaoito anos cando chegaron ao quinto da lista, que era o noso duque de Buckhingham (que podedes atopar excelentemente descrito nas cartas publicadas por Sir Henry Ellis, do Museo Británico); e o sexto, Gustavo Adolfo; e o sétimo Wallenstein. ¡Que gloriosa pléiade de asasinatos! E aumenta a admiración de un comprobar que esta brillante constelación de realizacións artísticas que inclúe tres maxestades, tres altezas serenísimas e unha excelencia, se reduce a un lapso de tempo tan breve

como o comprendido entre 1588 e 1635. Cómpre sinalar que moitos autores, entre eles Harte, cuestionan o asasinato do rei de Suecia, pero trabúcanse. Foi asasinado, e considero o seu asasinato único na súa excelencia, posto que o mataron a mediodía e no campo de batalla, circunstancia de orixinal concepción que non sucede en ningunha outra obra de arte que eu lembre. Concibir a idea dun asasinato secreto por motivos privados inserto no pequeno paréntese na vasta escena homicida da batalla é como o sutil artificio de Hamlet de establecer unha traxedia dentro dunha traxedia. De feito, todos estes asasinatos poden ser estudados con proveito polo coñecedor avanzado. Todos eles son *exemplaria*, asasinatos modélicos, dos que se podería dicir:

Nocturna versate manu, versate diurna

sobre todo *nocturna*.

Non nos produce abraio que se asasine príncipes e homes de estado, xa que moitas veces hai cambios importantes que dependen das súas mortes, e tendo en conta a eminencia na que se atopan, están especialmente expostos á puntería de cada artista posuído polo desexo de acadar un determinado efecto escénico. Pero hai outra clase de asasinatos, que prevaleceu desde comezos do século xvii, que realmente me sorprende: refírome ao asasinato de filósofos. Pois, cabaleiros, é un feito que todos os filósofos eminentes dos dous últimos séculos ou foron asasinados ou, polo menos, estiveron moi preto de selo, até o extremo de que se un home se chama a si mesmo filósofo e nunca sufriu un atentado contra a súa vida, podemos convencernos de que non vale nada. Concretamente, coido que unha obxección insalvable á filosofía de Locke (se for necesaria) é que, aínda que paseou o seu pescozo polo mundo durante 72 anos, ninguén condescendeu a cortarllo. Como estes casos de filósofos non son moi coñecidos e adoitan ser bos e estar ben compostos nas súas circunstancias farei aquí unha digresión sobre este asunto, principalmente para amosar a miña propia erudición.

O primeiro gran filósofo do século xvii (se exceptuamos a Bacon e a Galileo) foi Descartes, e se algunha vez se puido dicir dun home que estivo a piques de ser asasinado —a tan só unha polgada— foi del. O caso foi o seguinte, tal como o recolleu Baillet na súa *Vie de M. Descartes*, tomo I, pp. 102-3: No ano 1621, cando Descartes podía ter uns vinte e seis anos, atopábase viaxando, como adoitaba facer (pois era máis inquieto ca unha hiena). E ao chegar ao Elba, ben en Gluckstadt ou en Hamburgo, embarcouse rumbo á Friezland oriental. Ninguén descubriu nunca qué podía buscar na Friezland oriental, e se cadra tamén el se formulou esta cuestión, pois ao chegar a Embden decidiu embarcarse ao instante para a Friezland occidental; e como a paciencia non lle daba para agardar, alugou unha barca con algúns mariñeiros. Apenas saíra ao mar cando fixo un agradable descubrimento, e foi que se metera nun tobo de asasinos. Descubriu axiña que a súa tripulación, segundo di M. Baillet, resultou estar composta por *des scélérats* –non afeccionados coma nós, cabaleiros, senón profesionais– cuxa maior ambición naquel momento era degolalo. Pero a historia é demasiado interesante para abreviala, de xeito que a traducirei coidadosamente desde o francés do seu biógrafo: “O señor Descartes non tiña máis compañía que a do seu criado, co cal estaba conversando en francés. Os mariñeiros, que o tomaron por un comerciante estranxeiro máis que por un cabaleiro, concluíron que debía de levar cartos enriba, e en consecuencia chegaron a unha resolución que de ningún xeito resultaba vantaxosa para a súa bulsa. Por outra banda existe unha importante diferencia entre os ladróns mariños e os campestres, e é que os últimos poden perdoarlle as vidas as súas víctimas sen poñerse en perigo, mentres que os outros non poden deixar a un pasaxeiro en terra nun caso así sen correr o risco de que os capturen. A tripulación do señor Descartes tomou medidas para evitar calquera perigo desa clase. Observaron que era un forasteiro chegado de moi lonxe, sen contactos no país, e que ninguén ía darse o traballo de descubrir o seu paradoiro no caso de que desaparecese (*quand il viendroit à manquer*)”. Reparen, cabaleiros, neses cans de Friezland pensando nun filósofo como se fose un bocoi de ron consignado a algún axente marítimo. “Notaron que o seu carácter era manso e paciente, e xulgándoo pola xentileza das súas maneiras e pola cortesía coa que os trataba a eles, pensaron que debía de ser algún mozo inexperto, sen posición nin raíces no mundo, e concluíron que non atoparían a menor dificultade en quitarlle a vida. Non tiveron escrúpulos en discutir todo o asunto na súa presenza, ao supoñer que el non entendería ningunha outra lingua que aquela na que conversaba co seu criado; e o resultado das súas deliberacións foi asasinalo, guindalo ao mar e repartir as súas pertenzas”.

Desculpen a miña risa, cabaleiros, pero o feito é que sempre río cando penso neste caso, pois hai dúas cousas que me parecen moi graciosas. Unha é o pánico ou “canguelo” (como lle chama a xente de Eton) que Descartes debeu de pasar ao atoparse oíndo este drama preparado para a súa propia morte, funeral herdanza e administración dos seus bens. Pero outra cousa que me parece aínda máis cómica deste asunto é que se estes podencos de Friezland non desaproveitasen aquela oportunidade, hoxe non teriamos a filosofía cartesiana; e deixo a calquera respectable fabricante de baúis a consideración de como nos teriamos apañado sen ela, tendo en conta o mundo de libros que esta produciu.

Sexa como for, continuemos: malia o seu pánico, Descartes mostrouse disposto a loitar e deste xeito atemorizou a estes moinantes anticartesianos. “Ao comprobar”, di M. Baillet, “que o asunto non era unha broma, o señor Descartes levantouse dun pulo, adoptou unha expresión severa que aqueles covardes non esperaban e dirixíndose a eles na súa lingua ameazounos con atravesalos de parte a parte se ousaban dirixirlle o menor insulto”. Certamente, cabaleiros, este sería un honor moi superior aos méritos de tan desconsiderados moinantes –o de quedaren ensartados coma lavercas nunha espada cartesiana–, e polo tanto alégrome de que o señor Descartes non lle arrebatase á forca as súas víctimas executando a súa ameaza, sobre todo porque probablemente non podería levar o seu barco a porto despois de matar a tripulación, de xeito que continuaría navegando eternamente polo Zuyder Zee, e se cadra os mariñeiros confundiríano co Holandés Errante volvendo á casa. “O valor manifestado polo señor Descartes”, di o seu biógrafo, “produciu un efecto máxico nestes galopíns. A súbita consternación bateulles nas mentes cunha confusión que os cegou, e levárono ao seu destino tan pacificamente como el podía desexar”.

Posiblemente, cabaleiros, poidan pensar que seguindo o modelo do discurso de César ao seu pobre barqueiro –*Caesarem vehis et fortunas ejus*– o señor Descartes podería ter dito só: “Cans, non me podedes esganar, porque levades a Descartes e a súa filosofía” e entón xa podería desafialos sen perigo a que fixesen o que lles petase. Un emperador alemán tivo a mesma idea cando, ao aconsellárenlle que se afastase da liña de fogo, respondeu: “¡Vamos, home! ¿Pero ti oíches algunha vez que unha bala de canón matase a un emperador[4]?” No tocante a un emperador non sabería que dicir, pero con menos xa abondou para esmagar un filósofo. E non hai dúbida de que o seguinte gran filósofo de Europa foi asasinado. Trátase de Spinoza.

Sei moi ben que a opinión máis estendida é a de que morreu na cama, e quizais foi así, pero isto non quita que fose asasinado. E demostrareino cun libro publicado en Bruxelas no ano 1731 titulado *La vie de Spinoza, par M. Jean Colerus*, con moitos engadidos procedentes dunha biografía manuscrita que fixo un amigo seu. Spinoza morreu o 21 de febreiro de 1677, cando contaba apenas corenta e catro anos. Isto en si mesmo xa parece sospeitoso, pero ademais o señor Jean admite que hai certa expresión na súa biografía manuscrita que leva á conclusión de *que sa mort n’a pas été tout-à-fait naturelle*. Posto que vivía nun país húmido, nun país de mariñeiros como Holanda, pode pensarse que bebera unha boa cantidade de grog, e sobre todo de ponche[5], que naquel momento era unha novidade moi recente. Non hai dúbida de que puido ter feito isto, pero o certo é que non o fixo. O señor Jean defíneo como *extrêmement sobre en son boire et en son manger*, e aínda que nalgunhas historias fabulosas o acusaban de usar zume de mandrágora (p. 140) e opio (p. 144), na conta do seu farmacéutico non consta ningún destes artigos. Vivindo, pois, con tal sobriedade, ¿como é posible que morrese de morte natural aos corenta e catro anos? Escoiten o relato do seu biógrafo: “O domingo 21 de febreiro pola mañá, antes da hora de ir á igrexa, Spinoza baixou á planta baixa e conversou co dono e a dona da casa”. Poden ver vostedes que neste momento, un domingo, contra as dez da mañá, Spinoza estaba vivo e con boa saúde. Pero seica “chamara a certo médico de Amsterdam”, segundo di o biógrafo, “a quen só sinalarei mediante estas dúas letras: L. M.” O tal L. M. indicáralle á xente da casa que comprase “un galo vello” e que o cocese, de xeito que Spinoza puidese tomar un pouco caldo ao mediodía. Así se fixo, e o filósofo comeu algo daquel *galo vello* con bo apetito, despois de que o dono da casa e a súa esposa volvesen da igrexa.

“Pola tarde L. M. quedou só con Spinoza, pois a xente da casa volvera á igrexa, e ao saíren desta descubriron, non sen sorpresa, que Spinoza morrera contra as tres da tarde, en presenza de L. M., que ese mesmo serán partiu para Amsterdam no barco da noite, sen preocuparse o máis mínimo do finado” —e probablemente sen preocuparse o máis mínimo do pago da súa conta—. “Sen dúbida axudouno na súa disposición a omitir os seus deberes o feito de terse apropiado dun ducado e dunha pequena cantidade de prata, xunto cun coitelo de mango de prata, e fuxira co seu botín”. Ven aquí, cabaleiros, claramente que foi un asasinato, e o xeito en que se cometeu. L. M. asasinou a Spinoza polos seus cartos. O pobre Spinoza era inválido, fraco e feble. Como non se atopou sangue, sen dúbida L. M. botouse sobre el e afogouno coas almofadas, estando xa o pobre home medio sofocado pola infernal cea. Logo de mastigar aquel “galo vello”, que eu sospeito que era un galo do século anterior, ¿en que condicións podía atoparse o pobre inválido para ofrecerlle resistencia a L. M.? E ademais, ¿quen era L. M.? Non pode ser Lindley Murray, porque o vin eu en York en 1825, e ademais non creo que fose quen de facer semellante cousa, ou polo menos non a un colega gramático, pois xa saben, cabaleiros, que Spinoza escribiu unha gramática hebrea moi destacable.

A Hobbes non o asasinaron, nunca puiden comprender por que motivo ou seguindo que principio. É esta unha omisión capital dos profesionais do século xvii, pois tratábase a todas luces dun magnífico suxeito para o asasinato –fóra, claro está, do feito de que era fraco e escuálido– xa que podo demostrar que posuía cartos e (cousa que resulta moi cómica) non tiña dereito ningún a opoñer a menor resistencia, porque de acordo co que el mesmo afirmaba, o poder irresistible crea a clase de dereito máis sublime, e por iso opoñerse a ser asasinado cando aparece unha forza competente disposta a asasinarte resulta unha rebelión do máis vil. De calquera xeito, cabaleiros, aínda que non foi asasinado compráceme asegurarlles que, segundo o seu propio relato, estivo a piques de selo en tres ocasións, o que é un gran consolo. A primeira vez foi na primavera de 1640, en que el aseguraba que fixera circular un pequeno manuscrito en

favor do rei e contra o Parlamento. Este manuscrito, por certo, nunca o puido mostrar, pero el di que “se a Súa Maxestade non disolvese o Parlamento” (en maio) “este poría en perigo a súa vida”. Con todo, disolver o Parlamento non serviu de moito, pois en novembro do mesmo ano reuniuse o Parlamento Longo e Hobbes, temendo por segunda vez ser asasinado, fuxiu a Francia. Isto lembra a loucura de John Dennis, que pensaba que Luís XIV nunca faría a paz coa raíña Ana a menos que lle entregase a el (é dicir, a Dennis) á venganza francesa, e até fuxiu da costa por tal crenza. En Francia, Hobbes conseguiu coidar bastante ben o pescozo durante dez anos, pero tras ese período publicou o seu *Leviatán*, para rendirlle homenaxe a Cromwell. Entón, por terceira vez, este vello covarde comezou a morrer co medo; imaxinaba que as espadas dos cabaleiros ameazaban constantemente o seu pescozo, lembrando como a tomaran cos embaixadores do Parlamento na Haia e en Madrid. Como di el na súa autobiografía, escrita nun latín perralleiro:

Tum venit in mentem mihi Dorislaus et Ascham;

Tanquam proscripto terror ubique aderat.

E consecuentemente regresou correndo a Inglaterra. É moi certo que este home merecía unha malleira por escribir o *Leviatán*, e dúas ou tres máis por escribir un pentámetro que remata tan ruinmente como *terror ubique aderat*. Pero a ninguén se lle ocorreu nunca que fose digno de algo máis ca unha malleira, e de feito toda esa historia é invención súa, pois nunha insultante carta que lle escribiu “a unha persoa instruída” (referíndose a Wallis, o matemático) ofrece un relato bastante diferente do sucedido, e di (páx. 8) que fuxiu para a casa “porque non se consideraba a salvo co clero francés”, insinuando que era posible que o asasinasen pola súa relixión; o cal certamente sería motivo de moita rexouba: ¡O Tom na fogueira por culpa da relixión!

Pero invención ou non, o certo é que Hobbes temeu até o final da súa vida que alguén o quixese asasinar. Isto queda demostrado coa historia que lles vou relatar. Non procede de manuscrito ningún, pero (como di o señor Coleridge) é tan bo como se así fose, pois saqueino dun libro xa esquecido por completo, *O credo do señor Hobbes examinado nunha conversa entre el e un estudante de teoloxía* (publicado uns dez anos antes da morte de Hobbes). O libro é anónimo, pero escribiuno Tenison, o mesmo que sucedeu uns trinta anos despois a Tillotson como arcebispo de Canterbury. A anécdota que serve de introdución di así: “Certo crego”, sen dúbida o propio Tenison, “adoitaba facer unha visita anual dun mes por diferentes partes da illa”. Nunha destas excursións (1670) visitou o Pico de Derbyshire, en parte debido á descrición que Hobbes fixera del. Estando nesa veciñanza, non puido deixar de acercarse a Buxton, e no mesmo momento da súa chegada tivo a sorte de atopar un grupo de cabaleiros que estaban desmontando á porta da pousada, entre os cales había un individuo alto e delgado que resultou ser nin máis nin menos que o señor Hobbes, quen probablemente cabalgara até alí dende Chatsworth[6]. Ao encontrar tal celebridade, un turista en busca do pintoresco non podía menos que presentarse na súa condición de prosma. E afortunadamente para as súas pretensións, dous dos acompañantes do señor Hobbes recibiron de súpeto o aviso de que debían partir con urxencia, de xeito que durante o resto da súa estancia en Buxton tivo o Leviatán á súa enteira disposición, e cóubolle o honor de embebedarse con el pola noite. Segundo parece, ao principio Hobbes amosouse bastante reservado, pois desconfiaba dos cregos, pero axiña cambiou de opinión e mostrouse moi sociable e divertido, e mesmo concordaron en ir ao baño xuntos. Cómo Tenison puido aventurarse a brincar na mesma auga có Leviatán é algo que non podo explicar, pero así foi, e puxéronse a brincar coma dous arroaces, aínda que Hobbes debía de ser máis vello ca Adán, e “nos momentos en que se abstiñan de nadar e de saltar” (para mergullárense), “falaron de varias cousas relativas aos baños dos Antigos e á orixe das fontes. Cando xa pasaran unha hora deste xeito, saíron do baño, e tras secárense e vestírense, sentáronse a agardar pola cea que lles puidese ofrecer aquel lugar, propoñéndose refrescarse coma os Deipnosophistae, e conversar máis ben que beber en exceso. Pero nestas inocentes intencións interrompeunos o balbordo procedente dunha pequena liorta na que durante un anaco se viron envoltos algúns dos personaxes máis túzaros da casa. O señor Hobbes, malia acharse a certa distancia daquelas persoas, amosouse moi preocupado. ¿E por que estaba preocupado, cabaleiros? Sen dúbida, imaxinarán vostedes, polo seu benigno e desinteresado amor pola paz, digno dun ancián e dun filósofo. Pois escoiten: “Durante un intre estivo desacougado e relatou unha ou dúas veces en voz baixa, como para si mesmo, con ton prudente e mesmo de ansiedade, como asasinaran a Sexto Roscio despois da cea, preto dos Baños Palatinos. Isto lembra o comentario feito por Cicerón en relación con Epicuro o Ateo, de quen observou que entre todos os homes era el quen máis temía as cousas que despreciara: a morte e os deuses”. ¡Simplemente porque era a hora da cea e se atopaba nas proximidades dun baño o señor Hobbes tiña que sufrir a sorte de Sexto Roscio! ¡Tiñan que asasinalo a el porque asasinaran a Sexto Roscio! ¿Que lóxica hai nisto, se non é para un home obsesionado co asasinato? Velaquí o Leviatán, que xa non temía as dagas dos cabaleiros ingleses ou dos cregos fanceses, senón que se amosaba “asustado até perder o decoro” polo balbordo feito nunha taberna por uns honrados pailáns de Derbyshire aos que faría tolear co

medo a súa propia fasquía de espantallo escuálido, máis propia doutro século.

Compraceralles oír que Malebranche foi asasinado. O home que o asasinou é ben coñecido: o bispo Berkeley. A historia é moi famosa, aínda que até o de agora non se contou axeitadamente. Cando era novo, Berkeley foi a París e visitou ao Père Malebranche. Atopouno cociñando na súa cela. Os cociñeiros foron dende sempre *genus irritabile*, e os autores aínda máis: Malebranche era as dúas cousas. Xurdiu entón unha discusión; o vello sacerdote, que xa estaba quente, quentouse aínda máis, e as irritacións culinarias e metafísicas uníronse para atacarlle o fígado. Deitouse na cama e morreu. Esa é a versión habitual da historia, e "dese xeito engánase os oídos de toda Dinamarca". Pero o certo é que o asunto se ocultou por consideración a Berkeley, quen (como observa Pope, con xustiza) tiña "todas as virtudes que existen no mundo". Sábese que Berkeley, sentíndose irritado pola irascibilidade daquel vello francés, púxose en garda e tivo lugar unha liorta. Malebranche foi parar ao chan no primeiro asalto, o cal lle fixo esquecer por completo a súa fachenda, e se cadra teríase rendido, pero a Berkeley subíraselle o sangue á testa e insistiu en que o vello francés retractase a súa doutrina das Causas Ocasionais. Mais a vaidade dese home era grande de máis para ceder; e caeu sacrificado á impetuosidade da mocidade irlandesa, combinada coa súa propia e absurda obstinación.

Tendo en conta que Leibniz é moi superior en calquera aspecto a Malebranche, *a fortiori* un podería supoñer que foi asasinado, mais, porén, non foi así. Coido que el se sentía indignado por esta neglixencia, e sufría coma unha aldraxe a seguridade na que transcorrían os seus días. Non podo explicar doutro xeito a súa conducta ao final da súa vida, cando decidiu facerse enormemente avaro e acumular grandes sumas de ouro, que gardaba na súa propia casa. Isto foi en Viena, onde morreu, e aínda existen cartas nas que se describe a incomensurable ansiedade que lle ocasionaba a preocupación por manter o pescozo dunha peza. Mais finalmente a súa ambición por sufrir un atentado foi tan grande que xa non evitaba o perigo. Un pedagogo inglés fabricado en Birmingham, o finado doutor Parr, adoptou un método máis egoísta baixo as mesmas circunstancias. Amasara unha considerable cantidade de ouro e prata, que tivo depositada durante certo tempo no dormitorio da súa casa parroquial en Hatton. Pero como cada día tiña máis medo de que o asasinasen –cousa que, estaba certo, non podería aturar (e, ademais, nunca aspirara a que o asasinasen)– trasladouno todo á do ferreiro de Hatton, sen dúbida na crenza que o asasinato dun ferreiro sería menos lesivo para a *salus reipublicae* que o dun pedagogo. Porén, teño oído grandes disputas a este respecto, e agora parece haber un acordo xeral en que unha boa ferradura vale por dous Sermóns de Hospital e un cuarto[7].

Aínda que non o asasinaron, pode dicirse que Leibniz morreu en parte de medo a ser asasinado e en parte pola contrariadade de que non o asasinasen. Por outra banda, Kant –que non manifestou ambición ningunha nese sentido– escapou dun asasino máis polos pelos que ningunha outra persoa da que saibamos, coa excepción de Descartes. ¡De que xeito tan absurdo reparte a fortuna os seus favores! Coido que o caso se relata nunha biografía anónima deste gran home. Por razóns de saúde Kant impuxérase en certo momento a obriga de camiñar diariamente seis millas polo camiño real. Esta circunstancia chegou a coñecemento dun home que tiña os seus motivos particulares para cometer o asasinato. Deste xeito, púxose a agardar no terceiro fito do camiño dende Könisberg polo seu "pretendido", quen chegou puntual coma un coche de correo. De non xurdir algún accidente, Kant era home morto, e velaí que o accidente xurdiu da escrupulosa –ou, como diría a señora Quickly, *melindrosa*– moralidade do asasino. "Un vello profesor", pensou el, "seguramente estará atafegado de pecados. Non así un neno". Con estas consideracións afastouse de Kant no momento crítico, e pouco despois asasinou un neno de cinco anos. Tal é a versión alemá dos feitos, pero a miña opinión é que o asasino era un afeccionado que se decatou do pouco que gañaría para a causa do bo gusto asasinando un vello, árido e adusto metafísico. Non había posibilidade de lucimento, xa que era imposible que aquel home, unha vez morto, tivese un aspecto máis semellante ao dunha momia do que tiña de vivo.

Deste xeito, cabaleiros, tracei a conexión existente entre a filosofía e a nosa arte, até chegar, sen decatarme, á nosa propia época. Non me vou esforzar en distinguila das precedentes, pois en realidade non teñen un carácter distinto. Os séculos xvii e xviii, xunto co que levamos do xix, compoñen en conxunto a Idade de Ouro do asasinato. A obra mestra do século xvii é, indiscutiblemente, o asasinato de Sir Edmundbury Godfrey, que goza da miña total aprobación. No grande aspecto do misterio, que dun xeito ou doutro debe matizar toda tentativa xuizosa de cometer un asasinato, resulta excelente, pois o misterio aínda non se resolveu. Eu exhorto á sociedade a que rexeite o intento de acusar deste asasinato aos papistas, cousa que o prexudicaría igual que moitos Coreggios ben coñecidos foron prexudicados polos restauradores profesionais, ou incluso o arruinaría, ao trasladalo á espuria clase dos simpless asasinatos políticos ou partidistas, absolutamente carentes do *animus* asasino. De feito, esta idea carece por completo de base, e xurdiu do puro fanatismo protestante. Sir Edmundbury non se distinguira entre os maxistrados de Londres por unha especial severidade contra os papistas, nin por favorecer os intentos dos fanáticos de aplicar as leis penais contra certos individuos. Non encirrara contra si mesmo a animosidade de ningunha seita relixiosa. E no tocante ás pingueiras de cera que había nas roupas do cadáver cando o atoparon nunha gavia, do que se inferiu no momento que no asasinato estiveran implicados cregos asignados á

capela da raíña papista, non eran máis que artificios fraudulentos artellados por aqueles que desexaban fixar as sospeitas sobre os papistas; ou ben toda a proba –as pingueiras de cera e a súa presunta causa– foi unha esaxeración ou un conto do bispo Burnet, quen, como adoitaba dicir a duquesa de Portsmouth, era o maior mestre de todo o século xvii no tocante a contos e novelas. Ao mesmo tempo cómpre reparar en que no século de Sir Edmundbury o número de asasinatos non era moi grande, polo menos entre os artistas da nosa nación, o cal quizais sexa atribuíble á ausencia de mecenas ilustrados. *Sint Maecenates, non deerunt, Flacce, Marones*. Consultando a obra *Apuntamentos sobre as listas de defuncións* (Oxford, 1665, 4ª edición), de Grant, constato que de 229.250 persoas que morreron en Londres durante un período de vinte anos no século xvii, non foron asasinadas máis que oitenta e seis, é dicir, 4,3 persoas por ano. Este é, cabaleiros, un número moi escaso sobre o que fundar unha academia, e certamente, cunha cantidade tan exigua temos dereito a agardar que a calidade sexa excepcional. Quizais o fose, mais, con todo, opino que o mellor artista deste século non ten comparación con mellor do século seguinte. Por exemplo, por moi digno de louvanza que poida ser o caso de Sir Edmundbury Godfrey (e non hai ninguén máis sensible aos seus méritos ca min), non podo consentir que se poña á altura do da señora Ruscombe de Bristol, nin pola orixinalidade do deseño, nin pola audacia e amplitude do estilo. O asasinato desta boa muller tivo lugar a comezos do reinado de Xurxo III, reinado que, como todos saben, foi moi favorable a todas as artes. Ela vivía no College Green cunha única serventa, e ningunha das dúas ofrece valores que atraian o interese da Historia, a non ser os derivados do grande artista cuxa creación vou describir. Unha fermosa mañá en que todo Bristol estaba esperto e en movemento, por certas sospeitas os veciños forzaron a porta de entrada da casa e atoparon a señora Ruscombe asasinada na súa cama, e a serventa asasinada nas escaleiras. Isto aconteceu ao mediodía, e apenas dúas horas antes viran con vida a señora e a serventa. Se non lembro mal isto foi en 1764; pasaron xa, pois, máis de sesenta anos, e aínda non se descubriu o artista. As sospeitas da posteridade recaeron sobre dous pretendentes –un panadeiro e un desenfeluxador de chemineas–. Pero a posteridade trabúcase, pois ningún artista inexperto podería concibir unha idea tan audaz como a de cometer un asasinato a mediodía no corazón dunha gran cidade. Poden estar seguros, cabaleiros, de que non foi un escuro panadeiro nin un anónimo limpachemineas quen executou esta obra. Eu sei quen foi. *(Prodúcese un murmurio xeral que finalmente estoupa nun aplauso aberto, co cal o orador se pon colorado e prosegue con moita seriedade)*. Polo amor de Deus, cabaleiros, non me malinterpreten: non fun eu quen o fixo. Non teño a vaidade de considerarme capaz de tal proeza. Teñan a seguridade de que sobrevaloran moito o meu pobre talento; o asunto da señora Ruscombre excede en moito as miñas escasas habilidades. Pero cheguei a descubrir quen foi o artista grazas a un célebre cirurxián que asistiu á súa autopsia. Este cabaleiro posuía un museo privado dedicado á súa profesión, un recanto do cal estaba ocupado por un baleirado en escaiola dun home de proporcións extraordinariamente equilibradas.

"Ese", dixo o cirurxián, "é un baleirado en escaiola do célebre salteador de camiños de Lancashire, que durante un tempo lles ocultou aos veciños a súa profesión calzándolle ao cabalo medias de la, e amortecendo dese xeito o ruído que farían os cascos ao cabalgar pola calella empedrada que levaba á súa corte. No tempo en que o executaron por salteador de camiños eu estudaba con Cruickshank, e como o seu corpo era tan extraordinariamente proporcionado, non reparamos nin en cartos nin en esforzos para facernos con el o antes posible. Coa conivencia do axudante do sheriff, baixámolo da forca antes de que transcorrese o tempo regulamentario, e depositámolo de contado nunha carruaxe, de xeito que cando chegou onda Cruickshank aínda non estaba morto. O señor -------, que daquela era un xove estudante, tivo o honor de darlle o golpe de graza e cumprir a sentencia da lei.

Esta curiosa anécdota, que parecía implicar que todos os cabaleiros presentes na sala de autopsias eran afeccionados igual ca nós, impresionoume moito. Un día conteilla a unha dama de Lancashire, que me informou de que ela mesma vivira na veciñanza daquel salteador de camiños, e lembraba ben dúas circunstancias que, na opinión de todos os seus veciños, permitían atribuírlle o mérito do caso da señora Ruscombe. Unha delas era o feito de que durante período no que acontecera aquel asasinato se ausentara toda unha quincena; a outra, que pouco tempo despois a veciñanza deste salteador de camiños apareceu asolagada de dólares, e agora sábese que a señora Ruscombre acumulara case dous milleiros destas moedas. De calquera xeito, sexa cal for o artista, o caso segue a constituír un perdurable monumento do seu xenio, pois foi tal a impresión de pavor e a sensación de poder deixada pola forza conceptual manifestada neste asasinato que, segundo me dixeron en 1810, nesa data aínda non deran atopado inquilino para a casa da señora Ruscombe.

Mais non pensen que por eloxiar o caso ruscombiano paso por alto os outros moitos exemplos de extraordinario mérito espallados ao longo deste século. Certamente, casos como o da señorita Bland ou o do capitán Donnellan e sir Theophilus Boughton non gozarán nunca do meu apoio. Había que matalos, a eses traficantes de veleno. ¿Ou é que non poden manter o vello e honesto método de rabenar o pescozo sen ter que recorrer a esas abominables innovacións italianas? Todos eses casos de envelenamento eu considéroos, comparados co estilo lexítimo, non mellores que unha figura de cera a carón dunha escultura, ou unha impresión litográfica fronte a un soberbio Volpato. Pero esquecendo estas, quedan moitas obras de arte excelentes realizadas nun estilo puro, tales que ninguén se avergoñaría de facelas súas, e isto

admitiríao calquera afeccionado de boa fe. Obsérvese que digo *de boa fe*, pois nestes casos precísase moita indulxencia, e é que ningún artista pode estar nunca seguro de ter trasladado á realidade a elegancia da súa concepción. Poden xurdir desagradables interrupcións; a xente non deixa que lle corten o pescozo con calma; quizais corra, dea couces, trabe; e mentres o pintor de retratos se queixa a miúdo do excesivo letargo do seu modelo, o artista que executa a nosa especialidade vese polo xeral empecido por unha animación excesiva. Ao mesmo tempo, e por moi desagradable que sexa para o artista, esta tendencia do asasinato a excitar e irritar ao suxeito é certamente para todo o mundo unha ventaxa que non debemos pasar por alto, xa que favorece o desenvolvemento de talentos latentes. Jeremy Taylor repara, admirado, nos extraordinarios choutos que dá a xente baixo a influencia do medo. Temos un exemplo disto no recente caso dos M'Keans, no que un rapaz saltou a unha altura á que non volverá chegar en toda a súa vida. Ás veces, grazas ao pánico que acompaña aos nosos artistas, tamén se desenvolveron talentos moi brillantes no tocante a repartir pancadas, e mesmo para toda clase de exercicios ximnásticos –talentos soterrados e ocultos para os seus posuidores e para os seus amigos–. Lembro un caso, do que souben en Alemaña, que ilustrará este feito de xeito moi interesante.

Cabalgando un día polos arredores de Münich albisquei un distinguido afeccionado da nosa sociedade, cuxo nome, por motivo obvios, debo calar. Este cabaleiro informoume de que, sentíndose aborrecido dos (segundo el) xélidos praceres da simple contemplación, viaxara de Inglaterra ao Continente con idea de practicar un pouco como profesional. Para este propósito dirixiuse a Alemaña, supoñendo que nesa parte de Europa a policía era máis torpe e apalermada que en calquera outro sitio. O seu debut como executante tivo lugar en Manhneim, e ao saberme camarada na súa afección, relatoume sen reparos a totalidade da súa primeira aventura. "Fronte á miña pousada", contoume, "estaba a tafona dun panadeiro, un home bastante avaro, que vivía só. Non sei se pola súa fasquía esbrancuxada ou por calquera outra circunstancia, o feito foi que "se me antollou", e resolvín comezar o negocio no seu pescozo, o cal, dito sexa de paso, sempre levaba descuberto, costume que sempre me resultou moi irritante. Observei que pechaba as súas fiestras exactamente ás oito en punto da tarde, e nunha ocasión en que o vin ocupado nisto entrei dun brinco despois del, atranquei a porta e, dirixíndome a el con gran cortesía, informeino da natureza das miñas intencións, aconsellándolle ao mesmo tempo que non opuxese resistencia, xa que resultaría desagradable para ambos os dous. Coa mesma, saquei a ferramenta, e xa ía proceder á execución cando ante este espectáculo o panadeiro, que semellaba que caera en estado de catalepsia tralo meu primeiro anuncio, espertou presa dunha tremenda axitación. '¡Non quero que me asasinen!', ouveou. '¿Por que teño eu perder o meu precioso pescozo?' '¿Que por que?', dixen eu. 'Pois sen ir máis lonxe porque vostede lle bota alume ao pan. Pero iso é o de menos; con alume ou sen el' –pois eu estaba resolto a evitar calquera discusión a ese respecto– 'saiba que son un virtuoso na arte do asasinato, desexoso de perfeccionarme nos seus detalles, e quedei namorado da vasta extensión do seu pescozo, co que estou decidido a entreterme'. '¿Ai si?', dixo el. 'Pois eu coido que lle vou proporcionar a vostede outra clase de entretemento', e coa mesma púxose en posición de boxeo. A soa idea de que se puxese a boxear parecíame absurda. Non nego que houbo un panadeiro de Londres que destacou no ring e mesmo chegou a coller fama co título de Mestre dos Moletes, pero iso foi cando era novo e áxil, mentres que este home era un deplorable saco de foles de cincuenta anos e totalmente fóra de forma. Porén, e malia todo isto, ao enfrontarse a min, que son un mestre na nosa arte, protagonizou unha defensa tan desesperada que moitas veces temín que virasen as tornas e que eu, un afeccionado, acabase asasinado por un truán dun panadeiro. ¡Vaia situación! As almas sensibles faranse cargo da miña preocupación. Para que poidan comprender a gravidade da situación direilles que os trece primeiros asaltos o panadeiro levaba ventaxa. No décimo cuarto asalto deume unha pancada que me inchou o ollo dereito, pero creo que ao final isto foi a miña salvación, pois sentín tal carraxe que no seguinte e en cada un dos tres asaltos posteriores tumbei ao panadeiro.

»19º asalto. O panadeiro víase derrengado, e era evidente que acusaba a malleira. As súas proezas xeométricas nos catro asaltos anteriores non lle serviran de moito. Con todo, amosou certa habilidade ao deter o recado que lle estaba enviando ao seu cadavérico fociño, pois ao ir entregarllo esvaroume o pé e fun ao chan.

»20º asalto. Ao contemplar o panadeiro avergoñeime de que semellante masa informe me estivese a dar tanto traballo, de xeito que me lle botei enriba con ferocidade e administreille un severo castigo. Houbo unha loita corpo a corpo, e os dous fomos ao chan –o panadeiro por debaixo–, e a cousa quedou dez a tres a favor do afeccionado.

»21º asalto. O panadeiro incorporouse dun pulo, con sorprendente axilidade. De feito, exhibía un excelente xogo de pernas e pelexaba moi bravamente, tendo en conta que se atopaba enchoupado en suor. Pero perdera xa por completo os folgos, e a súa afouteza era simple efecto do pánico. Xa resultaba claro que non podía aguantar moito. Durante este asalto ensaiei o método de adiantarme e retroceder, co que obtiven grande éxito, e batinlle repetidamente nas napias. Isto ocorréuseme ao ver que tiña as napias cheas de furunchos, e pensei que, se cadraba, lle amolaría que me tomase tales liberdades con elas, como efectivamente fixen.

»Nos tres seguintes asaltos o mestre dos moletes cambaleou coma unha vaca sobre xeo. Ao ver como ía a cousa, no 24º asalto sopreille na orella unha cousa que lle sentou coma un tiro. Non era máis nada que a miña opinión particular sobre o valor que tería o seu pescozo nunha compañía de seguros, mais este pequeno murmurio confidencial afectouno enormemente; até a suor se lle conxelou na cara, e nos dous asaltos seguintes fixen del un pandeiro. E cando o convidei a comezar o 27º asalto estaba deitado no chan coma un tronco".

"Despois do cal", dixen eu, "supoño que levaría vostede a termo o seu propósito". "Está vostede no certo", dixo el con toda tranquilidade. "Fíxeno, e saiba que foi para min unha gran satisfacción, porque deste xeito matei dous paxaros dun tiro". Referíase ao feito de que, ademais de asasinalo, mazara ao panadeiro coma un choco. Eu, porén, non vía as cousas así, e máis ben parecíame que lle fixeran falta dous tiros para matar un só paxaro, xa que se vira obrigado a baixarlle os fumes primeiro cos puños e despois co instrumental. Pero a súa lóxica non nos importa. O conto ofrécenos unha útil moralexa, pois amosounos que calquera perspectiva razonable de ser asasinado estimula de xeito abraiante os talentos latentes. Un panadeiro de Mannheim barrigudo, torpe e medio cataléptico resistiu bravamente vinte e sete asaltos contra un consumado boxeador inglés, movido só por esta inspiración; ¡até tal punto exalta e sublima o xenio natural a senlleira presenza do asasino!

Certamente, cabaleiros, cando un escoita cousas como esta convértese quizais nun deber suavizar un pouco a extrema aspereza coa que a maioría das persoas fala do asasinato. Ao oír falar a xente un supón que ser asasinado ten todas as desventaxas e inconvenientes, e que non ser asasinado non ten ningunha das dúas cousas. Pero os homes xuizosos pensan doutro xeito. "Non hai dúbida", afirma Jeremy Taylor, "de que caer víctima dunha espada é un mal temporal menor que morrer dunha febre violenta, e a machada" —á que podería ter engadido o mazo de carpinteiro e o ferro do monte— "unha aflicción moito menor que a micción dolorosa". Moi certo. Este bispo fala coma un sabio e como un afeccionado, que estou seguro que era. Outro gran filósofo, Marco Aurelio, superaba igualmente os prexuízos vulgares sobre este asunto. El declara que "unha das máis nobres funcións da razón consiste en saber se é hora de saír do mundo ou non" (Libro III). Sendo esta a rama máis rara do coñecemento, queda claro que non hai maior filántropo que quen se compromete a instruír gratis á xente sobre ela, e con non pouco risco para si mesmo. De calquera xeito, todo isto expóñoo só a modo de especulación para moralistas futuros; pola contra, reafirmo a miña convicción persoal de que moi poucas persoas cometen asasinatos movidas por principios filantrópicos ou patrióticos, e repito o que xa dixen polo menos unha vez: que a maioría dos asasinos son personaxes moi incorrectos.

Con respecto aos asasinatos de Williams, os máis sublimes e máis cumpridos na súa excelencia de cantos se cometeron, non me permitirei falar deles de pasada. Para expoñer os seus méritos cumpriría unha conferencia enteira, ou mesmo toda unha serie de conferencias. Pero mencionarei un feito curioso relacionado con este caso, porque parece implicar que o esplendor do seu xenio ofuscou por completo o ollo da xustiza criminal. Sen dúbida todos vostedes lembrarán que os instrumentos con que Williams executou a súa primeira grande obra (o asasinato dos Marr) foron un mazo de carpinteiro de ribeira e un coitelo. Agora ben, o mazo pertencía a un vello sueco, un tal John Peterson, e levaba as súas iniciais. Williams deixou atrás este instrumento na casa dos Marr, e foi caer en mans dos maxistrados. A publicación desta circunstancia das iniciais conduciu inmediatamente á detención de Williams, e de levarse a cabo antes, evitaría a súa segunda grande obra (o asasinato dos Williamson), que tivo lugar precisamente doce días despois. Porén, os maxistrados mativéronlle oculto este feito ao público durante eses doce días e até que foi levada a cabo a segunda obra. Rematada esta, publicárona, segundo parece considerando que Williams xa fixera de abondo pola súa fama e que a súa gloria estaba por fin fóra do alcance de calquera accidente.

No tocante ao caso do señor Thurtell, non sei que dicir. Naturalmente inclínome a ter a mellor opinión do meu predecesor na cátedra desta sociedade, e considero que as súas conferencias eran impecables. Pero falando con franqueza, realmente penso que se sobrevalorou moito a súa principal intervención como artista. Admito que ao principio eu mesmo me deixei levar polo entusiasmo xeral. A mañá en que se coñeceu en Londres o asasinato, celebrouse a reunión de afeccionados máis concorrida que lembro desde os tempos de Williams. Mesmo os vellos coñecedores, xa encamados, que se dedicaban a rosmar e a queixarse de que "nunca pasaba nada", foron entón ranqueando até a sala do noso club. Poucas veces fun testemuña de tanta hilaridade e de tan benigna expresión de satisfacción xeral. Por todas as partes se vía xente estreitando mans, felicitándose uns aos outros e formando grupos para cear aquela noite, e non se oían senón triunfais exclamacións tales que: "¡Vaites! ¡Agora si! ¡Así se fan as cousas! ¿Estará vostede satisfeito por fin?" Pero lembro que, no medio do balbordo, todos calamos de súpeto ao oír entrar ao vello e cínico afeccionado L. S. batendo no chan coa súa pata de pau. Penetrou na sala co seu mal xesto de costume, e conforme avanzaba non deixaba de rosmar e refungar: "¡Simple plaxio, puro plaxio das suxestións que eu fixen! E ademais ten un estilo tan áspero coma o de Albert Durer e tan groseiro coma o de Fuseli". Moitos pensaron que non eran máis que celos e o seu habitual malhumor, pero confeso que cando pasaron os primeiros intres de entusiasmo descubrín que os críticos máis xuizosos concordaban en

que hai algo de falsetto no estilo de Thurtell. O certo é que Thurtell era membro da nosa sociedade, o que naturalmente lle daba certa parcialidade aos nosos xuízos, e a simpatía que lle profesaba a “afección”, xunto coa de todo o público londiniense, proporcionoulle unha popularidade pasaxeira que non foi quen de xustificar malia as súas pretensións, pois *opinionum commenta delet dies, naturae judicia confirmat*. Existe, porén, un deseño inconcluso de Thurtell para asasinar un home cun par de pesas de ximnasia, que admiro enormemente. Era só un apuntamento que nunca puxo en práctica, pero na miña opinión resulta superior en todos os aspectos á súa obra mestra. Lembro que algúns afeccionados lamentaran moito que este esbozo quedara sen ser levado á práctica, pero nisto non podo estar de acordo con eles, pois moitas veces os fragmentos e primeiros bosquexos de artistas orixinais teñen unha xenialidade que desaparece no momento de ocuparse dos detalles.

Eu considero a obra dos M’Keans moi por riba da tan cacarexada intervención de Thurtell, e mesmo por riba de calquera louvanza. De feito coido que garda a mesma relación coas inmortais obras de Williams que a da *Eneida* coa *Ilíada*.

Pero xa é hora de que diga algunhas palabras sobre os principios do asasinato, non con idea de regular a súa práctica, senón o seu xuízo. Ás vellas e á tropa de lectores de xornais abóndalles con calquera cousa mentres sexa ben sanguenta, pero unha mente sensible require algo máis. Falemos, pois, en primeiro lugar, da clase de persoa que se adapta mellor ao propósito do asasino; en segundo lugar, do escenario axeitado; en terceiro lugar, do momento propicio e outros detalliños.

No tocante ao suxeito, paréceme evidente que ten que ser unha boa persoa, porque de non ser así quizais el mesmo podería estar contemplando a posibilidade de cometer un asasinato nese preciso momento. Tales loitas de “diamante contra diamante”, malia resultaren ben agradables cando non hai nada mellor en perspectiva, non son en realidade o que un crítico se permitiría denominar asasinato. Podería citar algunhas persoas (non vou dar nomes) que foron asasinadas por outras en ruelas escuras, e até aquí todo pode parecer correcto, pero mirando o asunto máis de perto o público decátase de que a parte asasinada naquel momento pensaba polo menos roubar ao seu asasino, e msmo asasinalo se xuntaba as forzas suficientes. Como queira que fose o caso –ou poida supoñerse que foi– todo efecto xenuíno da arte se esvaece, pois o propósito final do asasinato considerado como unha bela arte é precisamente o mesmo que Aristóteles lle outorga á traxedia, é dicir, “limpar o corazón por medio da compaixón e o terror”. Agora ben, terror pode habelo, pero, ¿quen vai sentir compaixón ningunha por un tigre abatido por outro tigre?

Tamén resulta evidente que a persoa seleccionada non debería ser un personaxe público. Por exemplo, ningún artista xuizoso tentaría asasinar a Abraham Newland[8], pois todo o mundo lera tanto sobre el e tan poucos o viran algunha vez que a crenza xeral era que se trataba dunha idea abstracta. Lembro que unha vez en que se me ocorreu mencionar que ceara nun café na compañía de Abraham Newland todo o mundo me mirou desdeñosamente, como se eu asegurase ter xogado ao billar co Preste Xan ou ter un asunto de honor co Papa. E xa de paso engadirei que o Papa sería un suxeito de asasinato moi inaxeitado, pois goza de tal ubicuidade virtual como pai da Cristiandade, e, igual que o cuco, hai tantos que o oen e tan poucos que o ven, que sospeito que para a maioría da xente se converteu tamén nunha idea abstracta. Pero cando un home público ten o costume de ofrecer ceas “con todos os froitos que dá a temporada” o caso é moi diferente: todo o mundo ten a seguridade de que non é unha idea abstracta, e xa que logo, non pode haber nada de inaxeitado en asasinalo, aínda que este asasinato entraría na clase dos magnicidios, da que aínda non me ocupei.

En terceiro lugar: o suxeito elixido ten que gozar de boa saúde, pois resulta absolutamente bárbaro asasinar unha persoa enferma, que polo xeral non está en condicións de soportalo. Segundo este principio non se debe escoller ningún xastre de máis de vinte e cinco anos, xa que tras esa idade seguramente será dispéptico. Ou, polo menos, se alguén se empeña en cazar nese tobo, deberá asumir a obriga, seguindo a ecuación establecida hai tempo, de asasinar múltiplos de 9 (é dicir, 18, 27 ou 36). E nesta benigna atención que lles prestamos aos enfermos observarán vostedes os efectos, habituais dunha bela arte, de suavizar e refinar os sentimentos. O mundo polo xeral, cabaleiros, é moi sanguinario, e o único que se lle pide a un asasinato é unha copiosa efusión de sangue. Unha exhibición rechamante no tocante a este aspecto élles de abondo a case todos. Pero o coñecedor avisado ten o gusto máis refinado, e a función da nosa arte, coma a de todas as demais artes liberais asimiladas a fondo, é humanizar o corazón; tan certo é que

Ingenuas didicisse fideliter artes

emollit mores, nec sinit esse feros.

Un amigo meu dado á filosofía, ben coñecido pola súa filantropía e bondade, suxire que o individuo escollido debe ter tamén fillos pequenos que dependan enteiramente do seu traballo, para afondar dese xeito o patetismo. Non cabe dúbida de que é esta unha prevención xuizosa, pero eu non insistiría demasiado en tal

condición. Pois aínda que é innegable que o bo gusto máis rigoroso así o requerería, se o suxeito é inobxectable desde o punto de vista da moral e da saúde, ¿para que impor, cun celo tan severo, unha restrición que podería ter o efecto de restrinxir o campo de acción do artista?

Iso no tocante á persoa. Tería moito que dicir no referente ao momento, o lugar e as ferramentas, pero agora non dispoño de tempo. O sentido común do executante adoita dirixilo á noite e á privacidade, mais non faltan casos en que non se seguiu esta norma e os resultados foron excelentes. O caso da señora Ruscombe constitúe unha fermosa excepción que xa sinalei, con respecto ao momento; e tanto con respecto ao momento como ao lugar, nos anais de Edimburgo (ano 1805) consta unha soberbia excepción coa que todos os nenos desa cidade están familiarizados, pero que inexplicablemente non goza da fama que merecería entre os afeccionados ingleses. Refírome ao caso do porteiro dun banco, asasinado a plena luz do día mentres transportaba unha saca con cartos, ao virar a esquina de High Street, unha das rúas máis concorridas de Europa. A día de hoxe aínda non se descubriu o asasino.

Sed fugit interea, fugit irreparabile tempus,

singula dum capti circumvectamur amore.

E agora, cabaleiros, como conclusión permítanme de novo que renuncie solemnemente a calquera pretensión pola miña parte de considerarme un profesional. Nunca na miña vida tentei cometer un asasinato, agás no ano 1801, no suxeito dun gato, e ese intento rematou de xeito moi distinto do que eu pretendía. O meu propósito era, falando en prata, o asasinato. *Semper ego auditor tantum?*, díxenme, *nunquamne reponam?* De xeito que unha noite escura, á unha da mañá baixei as escaleiras en busca do gato Tom co “animus” e sen dúbida co aspecto diabólico dun asasino. Pero cando o atopei estaba afanado saqueando o pan e outros alimentos da despensa. Isto deulle un novo xiro ao asunto, pois naquel tempo de grande escaseza en que até os cristiáns se vían obrigados a alimentarse de pan de pataca, pan de arroz, e toda clase de cousas, que un gato estivese estragando bo pantrigo do xeito que estaba a facer supoñía a máis grave traizón. Nese mesmo intre converteuse nun deber patriótico darlle morte, e mentres erguía e brandía no alto o escintilante aceiro imaxinei que me alzaba, coma Bruto, refulxente no medio dunha multitude de patriotas, e mentres o acoitelaba

pronunciei en alto o nome de Tulio,

e berreille ao pai desta patria: “¡Saúde!”

Dende entón, calquera idea vaga que puidese ter de atentar contra a vida dunha ovella anciá, unha galiña xubilada ou outro “gando menor” semellante, quedou encerrada entre os segredos do meu corazón, pois confésome completamente incapaz de acceder aos graos superiores da arte. A miña ambición non chega tan alto. Non, cabaleiros, en palabras de Horacio:

Fungar vice cotis, acutum

reddere quae ferrum valet, exsors ipsa secandi.

---

[1] A pasaxe está na segunda parte (acto III) de *Henrique VI* e resulta dobremente destacable: primeiro pola súa fidelidade crítica á natureza, se atendemos só ao efecto poético da descrición; en segundo lugar polo valor xudicial que o impregna se se considera (como se fai aquí) en silenciosa corroboración legal dun terrible rumor, xurdido de súpeto, segundo o cal asasinaran vilmente un gran príncipe, revestido do carácter oficial do Estado. É o duque de Gloucester, fiel gardián e tío amante dun rei simple e imbécil, que foi atopado morto na súa cama. ¿Como se pode interpretar este acontecemento? ¿Morreu por designio natural da Providencia ou víctima da violencia dos seus inimigos? As dúas faccións da corte danlles interpretacións contrarias aos indicios circunstanciais do caso. O xove rei, persoa afectuosa e aflixida cuxa posición case o obriga a permanecer na neutralidade non pode, porén, disimular as súas contundentes sospeitas dunha diabólica conspiración. Ante isto, un líder da facción rival trata de opoñerse á franqueza real, refrendada e respaldada dun xeito moi impresionante por Lord Warwick. “¿Que instancia”, pregunta el, e con *instancia* non quería dicir ‘exemplo’ ou ‘ilustración’, como supuxeron constantemente moitos comentaristas atropelados, senón que aludía ao sentido escolástico común: qué *instantia*, qué presión de argumentos, qué

urxente defensa, pode ofrecer Lord Warwick en xustificación do seu ‘terrible xuramento’, un xuramento que, tan seguro como que agarda a vida eterna, con igual certeza “creo que mans violentas aldraxaron / a vida deste duque tres veces famoso?”

Aparentemente o desafío é para Warwick, pero o mesmo cabería dicir do rei. E a resposta de Warwick, o argumento no que se apoia, reside nunha solemne enumeración de todos os cambios obrados nas faccións do duque pola morte, irreconciliables con calquera hipótese que non sexa a de que sufriu unha morte violenta. ¿Que argumento teño para dicir que Gloucester morreu a mans duns asasinos? Pois a seguinte relación de espantosos cambios que lle afectaron a cabeza, a cara, o nariz, os ollos, as mans, etc., que non corresponden de xeito indistinto a calquera tipo de morte, senón en exclusiva á morte violenta:

Mais ollade, a cara está negra e chea de sangue,
os ollos máis saídos que cando estaba vivo,
amosa a horrible mirada do home estrangulado;
o cabelo desamañado, o nariz dilatado na loita;
as mans expostas, como alguén que alasou
e defendeu a vida, e foi subxugado pola forza.
Ollade, nas sabas, como vedes, o seu pelo está pegado;
a barba ben proporcionada feita cachizas e estragada,
coma o trigo do verán derramado pola treboada.
Non hai dúbida de que aquí o asasinaron;
demóstrao a menor de calquera desas cousas.

Pola lóxica do caso cómpre non esquecérmonos nin un momento que para que sirvan dalgún valor, os signos e as indicacións proporcionados deben ser estrictamente diagnósticos. Requérese unha discriminación entre a morte que é natural e a morte que é violenta. Todas as indicacións, polo tanto, que pertenzan igual e indiferentemente a calquera das dúas son equívocas, inútiles e alleas ao propósito mesmo dos signos aquí rexistrados por Shakespeare.

[2] No momento en que se escribía isto [1827] eu defendía a que era a opinión máis xeralizada sobre este tema, mais foi a simple irreflexión a que me conduciu a un xuízo tan erróneo. Desde entón, a raíz dunha reflexión máis profunda atopei amplas razóns para retractarme; agora [1854] considero que os romanos, en todas as artes nas que dispuñan de parellas vantaxes, tiveron méritos tan propios, exclusivos e característicos como os mellores gregos. Noutro lugar tratarei este asunto con máis detalle, coa esperanza de convencer ao lector. Namentres sentía a apremante necesidade de amosar a miña protesta contra este antigo erro, que comezou coa servil adulación de Virxilio, o poeta cortesán. Co baixo propósito de afagar a Augusto no seu vingativo despeito contra Cicerón, e mediante a introducción da pequena cláusula *orabunt causas melius* aplicada a todos os atenienses e contra todos os oradores romanos, Virxilio non tivo escrúpulos en sacrificar dun plumazo e colectivamente as xustas pretensións dos seus compatriotas.

[3] O nome de “Vello da Montaña” non designa a ningún individuo en particular, senón que era o título —en árabe *Seikh-al-jebal*, ‘Príncipe da Montaña’— dunha serie de xefes que presidiron entre 1090 e 1258 unha comunidade ou orde militar de fanáticos sectarios musulmáns, chamada Os Asasinos, repartidos entre Persia e Siria aínda que tiñan como cuartel xeral certas serras. Pero aínda que non hai dúbida de que as palabras *asasino* e *asasinato* como termos que designen morte aleivosa, e especialmente morte aleivosa por apuñalamento, proceden dos supostos hábitos desta vella comunidade persa e siria, a etimoloxía orixinal da palabra *Asasinos* como nome da comunidade xa non é tan certa. Skeat afirma que simplemente se trata do termo árabe *hashishin*, ‘bebedores de haxix’, tomado do feito ou suposición de que os axentes do Vello da Montaña, cando se lles encomendaba unha misión criminosa, ían estimulados para o encargo pola ebriedade do *hashish* ou cánabo indio.

[4] Deste mesmo argumento xa se abusou polo menos unha vez. Hai uns séculos un delfín de Francia, ao ser advertido do risco que corría polas vexigas, fixo a mesma pregunta que o emperador: “¿Algún cabaleiro oíu que un delfín morrese de vexigas?” Non, ningún cabaleiro oíra de tal caso. E sen embargo, así e todo, este delfín morreu desas mesmas vexigas.

[5] “1 de xuño de 1675. Bebín parte de tres xerras de ponche (un licor que me pareceu moi estraño)” di o Reverendo Señor Henry Teonge no seu diario publicado por C. Knight. Nunha nota existente nesta pasaxe faise referencia ás viaxes de Fryer ás Indias Orientais en 1672, quen fala de “ese enervante licor chamado *paunch* (que en hindostaní quere dicir *cinco*) feito de cinco ingredientes”. Feito así, parece que os médicos lle chaman diapente; se se fai só con catro, diatessaron. Sen dúbida foi este evanxélico nome o que cativou ao reverendo señor Teonge.

[6] Chatsworth era daquela, e tamén agora, a soberbia sede dos Cavendish na súa rama máis alta –a do antigo conde e nos nosos días duque de Devonshire–, e esta familia goza do honor de terlle dado asilo a Hobbes durante dúas xeracións. Resulta obvio que Hobbes naceu o ano da Armada Invencible, é dicir, en 1588 –ou polo menos iso creo–, e daquela, neste encontro con Tenison debía ter uns oitenta e dous anos.

[7] *Sermóns de Hospital*: as principais aparicións públicas do doutor Parr como autor, tralo seu célebre prefacio latino a Bellendenus (non Bellendenus), tiñan lugar en certos sermóns a intervalos periódicos, pronunciados en nome dun hospital (a verdade é que non lembro cal), de xeito que tales alocucións eran coñecidas co título de Sermóns de Hospital.

[8] Abraham Newland é un personaxe agora completamente esquecido, pero cando se escribiu isto o seu nome soaba de contino nos oídos británicos, e do xeito máis familiar e significativo que quizais nunca existise. Era o nome que aparecía no anverso de todos os billetes do Banco de Inglaterra, grandes e pequenos, e durante máis dun cuarto de século (especialmente mentres tiña lugar a Revolución Francesa) foi unha expresión común para referirse ao papel moeda na súa forma máis segura.